

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

R. Lorenzo (2008): “Toponimia menor do lugar de Framán (Bugallido, Ames)”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 495-511.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

TOPONIMIA MENOR DO LUGAR DE FRAMÁN (BUGALLIDO, AMES)

Ramón Lorenzo

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Nun principio estudei conxuntamente a toponimia menor dos lugares de *Eirapedriña* e *Framán*, mais, como me resultou unha contribución extensa de máis, tiven que dividila, non de moi bo grado, e utilicei a toponimia de *Eirapedriña* para a homenaxe a Antón Santamarina e aproveito a de *Framán* para esta homenaxe a Xosé Luís Couceiro, deixando de lado outra contribución que xa tiña preparada sobre dous documentos de finais do século XV.

2. *Framán* pertence á parroquia de *San Pedro de Bugallido*, concello de *Ames*, e ten como aldeas máis próximas *Eirapedriña* polo norte e noroeste e *Firmistáns* polo leste, despois dunha extensa zona de monte, estas dúas aldeas da mesma parroquia; polo oeste limita con terreos de *Eirapedriña* e do propio *Framán* e despois están as aldeas da *Tilleira* (que é como se pronuncia) e *Chave de Carballo*, que son da parroquia de *Bastavales* e do concello de *Brión*; polo sur, despois da zona de monte, aparecen as aldeas de *Xinzo* e *Beca*, tamén de *Bastavales*, e polo leste, pasado o monte, están *Vila Verde* e *Franco*s, da parroquia de *Calo* e concello de *Teo*.

3. Para a indicación dos nomes non vou segui-lo criterio máis corrente de estudalos topónimos alfabeticamente ou clasificados por acepcións semánticas, senón que os vou citar segundo a súa situación xeográfica. Iso fai que deba presentar varios itinerarios e que á forza os topónimos aparezan en máis dun lugar dentro do texto. En xeral, a situación que presento é a adecuada, se ben para algúns nomes, moi poucos, é posible que só poña unha localización aproximada.

4. *Framán* tiña grandes agras con leiras e cortiñas, pero como característica importante debo indicar que, agás nunha zona ó oeste que confina con leiras de

Eirapedriña, o resto do seu territorio está rodeado de montes. Así, polo norte, despois de pasa-la zona pertencente a *Eirapedriña*, o primeiro monte de *Framán* é a ampla *Estibada de Framán*, tamén denominada *O Monte de Framán*, situada ó sur da *Estibada de Eirapedriña*, cun camiño de carro entre as dúas. Esta *Estibada de Framán* contén diversos agros particulares e unha toxeira chamada *A Ghrande* e testa polo oeste na parte máis ó norte coa *Estibada do Medio*, que pertence a *Eirapedriña*, e na parte máis meridional coa *Estibada Vella*, polo leste co muro do *Monte Aberto de Firmistáns*, muro que ten unha cancela ou un portelo¹, e polo sur co rego da *Fonte Morta* que baixa ó *Poso das Pedras*, con este *Poso* e coa *Camposa*.

5. Pola zona oeste, despois da *Estibada do Medio*, aparecen xa en *Framán* as toxeiros do *Estibadiño*, que tiña polo oeste a presa do muíño e unha zona con leiras (cf. § 11) e que testaba polo leste coa *Estibada do Medio* e coa *Estibada Vella*. No *Estibadiño* había unha toxeira que levaba o nome do *Currucho do Estibadiño*, con muros polo norte, leste e oeste, e un agro cerrado onde estaba en 1862 (pp. 26, 71, 91, 108, 122) *O Estibadiño d'Abaixo*. Polo oeste da *Estibada do Medio* e do *Estibadiño* temos leiras, cortiñas e xa casas de *Eirapedriña* e polo sur da *Estibada do Medio* está *A Estibada Vella*, que testa polo leste coa *Estibada de Framán* e co *Poso das Pedras* e que ten unha tenza designada como *Estibada Vella sobre O Ribeiro*. Despois da *Estibada Vella*, cun muro de separación, aparece máis ó sur *O Monte Aberto de Framán*, que bate polo leste na *Camposa* e no *Monte Serrado*. Polo oeste da *Estibada Vella* estaban as que nalgúnhas partillas se chaman toxeiros *Sobre Cima de Vila Carballiño* (en 1865 sitúase unha toxeira na *Estibada* e chámase *Leira do Carballiño*: 7v, 25v), con testas polo leste e un muro polo oeste, onde estaban as toxeiros das *Hortas* (en 1865 *As Hortas de Cima de Vila*: Arca, 2v, 23v), situadas ó norte de *Cimadevila*, seguidas xa das toxeiros e leiras de *Cimadevila*. Por esta zona colócase en 1901 *A Ghrande de Cimadevila*, con muros polo norte e oeste e toxeiros polo leste, e en 1900 cítase unha toxeira na *Anovada de Cimadevila*. Polo oeste do *Monte Aberto* están as toxeiros do *Porto d'Arriba*, que nalgúns foros se inclúe dentro do *Monte Aberto* e tiña un muro e un rego polo norte e o leste, deixa ó oeste casas e leiras, rodea a casa e a horta de *Arufe* (hoxe casa do *Camiñeiro*), o caseto de *Naveiro* e a casa de *Penide*² (cf. § 14) e continúa máis para o sur. Este *Monte*

1 Nun foro de c. 1860 dentro do *Monte de Framán* colocábase outra herdade chamada *Camposa*, que testaba polo leste co muro do *Monte Aberto* de Firmistáns, polo norte cun muro, polo oeste coa *Camposa* e polo sur con testas das que ían á “Regueira” (*Eirapedriña*, 10-11, 60, 121, 123, 126, 134, 144). Quere isto dicir que distingue nun principio entre dúas tenzas chamadas *A Camposa*, mais despois ó falar das herdades de cada foreiro non fai esta diferenza.

2 A mediados do XIX había no *Porto d'Arriba* unha casa, con horta, cortiña e unha parte de monte, todo cerrado sobre si (*Framán*, 2-3) e tamén se di que hai unhas toxeiros no *Monte Aberto de Framán*, onde chaman *Porto de Arriba*, que polo norte testaba cun muro e un rego que baixaba ó *Poso das*

tiña polo leste *A Camposa*, seguida do *Monte Serrado* ou toxeiros de *Sobre o Pinar do Rei* e un muro que o cerraba e separaba do *Pinal do Rei*, polo suroeste estaban como unha parte do propio monte *A Rucheira* e o muro da *Ghranxiña*, polo sur o muro da *Fieiteira*, polo norte tamén o *Poso das Pedras* e polo oeste *A Cansela da Pena* e un camiño de carro que levaba á *Pena* (cf. § 7). Tamén había *O Monte Aberto de Framán sobre Pormán de Fonte* (cf. § 14), que tiña polo oeste o camiño de carro que conduce á *Pena*, e unha tenza no mesmo *Monte Aberto* chamábase *O Tallo*.

6. No extremo sur da *Estibada de Framán* está *A Fonte Morta*, separada da *Estibada* por un rego e un muro, e despois segue *A Camposa*, que polo norte ten *A Fonte Morta*, o regueiro que baixa ó *Poso das Pedras* e o muro que a divide da *Estibada de Framán*, polo oeste testa co *Monte Aberto de Framán* e polo leste co *Monte Aberto de Firmistáns*, este situado sempre ó leste de *Framán* e en terreo encostado. Na *Camposa* está *A Leira Ghrande* e ás veces aparece citada como *Camposa sobre o Pinar do Rei*³. Entre *A Estibada Vella* e *A Camposa*, ó oeste, está o citado *Poso das Pedras*⁴, onde se sitúan algunhas toxeiros, *Poso* que regaba en *Framán* as leiras de *Cimadevila*, *O Porto d'Abaixo*, *A Pereira* e *O Aghro do Camiñeiro* e que se utilizaba tamén para leva-la a auga ó muíño. No bico do *Poso das Pedras* conflúen polo norte *A Estibada de Framán*, polo leste *A Camposa* e polo oeste *A Estibada Vella* e *O Monte Aberto*. Ó sur da *Camposa* está o *Monte Serrado de Framán*⁵, moitas veces citado como as toxeiros de *Sobre O Pinal*

Pedras, polo oeste co mesmo rego e muro e polo sur co muro dunha horta (*id.*, 10-11, 33, 44, 56-57, 76, 94, 100, 105-106).

3 En 1865 fálase dunha toxeira da *Camposa* que testa na *Regheira* (*Arca*, 9r, 35r, 43v) e nunha partilla de 1948 dise que unha toxeira testa en parte cun cómaro que a divide da *Regheira* e que outras teñen polo sur o muro da *Regheira*. Tamén en 1901 se di que unha toxeira da *Camposa* testa polo sur no muro do *Regueiro*.

4 En 1901 cítase varias veces co nome de *Estibada do Pozo da Pedra* ou *Pozo da Pedra* e unha vez como *Pozo das Pedras*.

5 Nun foro de c. 1860 fálase dunha tenza dentro do *Monte Serrado* chamada *Cacheiros* de sobre a cancela do *Pinal* (*Eirapedriña*, 11-12, 32-33), por máis que noutros lugares do foro se indica que estes *Cacheiros* de sobre a cancela do *Pinal* corresponden ó *Monte de Framán*, ou sexa á *Estibada de Framán* (*id.*, 67, 77, 93, 101, 111, 143, 163, 167, 170, 204). Hai unha evidente confusión, pois na p. 110 dise “Monte de Firmistáns” en lugar de “Monte de Framán” e colócase unha toxeira no medio deste *Monte de Framán* que corresponde á partida 26 do apeo (*id.*, 110, 122, 126, 163, 167), pero no lugar correspondente á partida 26 chámalle *Monte Cerrado* (*id.*, 11, 118, 209, 210, 217, 242) e a partida 27 sitúaa no mesmo *Monte Cerrado* e chámaa “*Cacheiros* de sobre la cancela (sic) del *Pinal*” (*id.*, 11-12) ou “*Cacheiros* de junto a la cancilla del *Pinal*” (*id.*, 210, 222, 230, 242, 243) ou “tallos de junto a la cancilla del *Pinal*” (*id.*, 217). Para complicalos máis, na parte final o foro olvídase do *Monte de Framán* e pon erroneamente *Monte Cerrado* no seu lugar, pois fala de toxeiros que están xunto á cancela que sae ó *Monte de Firmistáns*, na tenza que camiña á *Regeira*, ou na tenza que testa co portelo que sae ó *Monte de Firmistáns* (*id.*, 225, 228, 243, 244, 246, 248, 249). Tamén contra a parte final coloca *A Camposa* no *Monte Cerrado* (*id.*, 247).

do Rei, que testa polo oeste co muro do Monte Aberto de Framán, polo leste co muro do Monte Aberto de Firmistáns e polo sur co Pinal do Rei. Dentro do Monte Serrado, ó sur, está a tenza chamada *Currucho das Meigas*, que testa polo oeste co muro do Pinal do Rei e polo leste cun muro que o separa do *Currucho de Casais* e que posiblemente sexa o que en 1862 se chama *Currucho* de xunto á cancela do Pinal (pp. 27, 72, 109). O Pinal (ou Pinar) do Rei⁶ testa polo norte co Monte Serrado, polo leste co *Currucho de Casais*, *Casais* e *A Cansela de Casais*, polo suroeste coa *Fieiteira* e polo oeste co Monte Aberto e *A Rucheira*. Ó leste do Pinal do Rei está O *Currucho de Casais*, que ten polo norte O Monte Serrado, ó leste o monte de *Firmistáns*, polo suroeste o agro de *Casais* e polo sur *A Regheira*. Este agro de *Casais*, que testa polo noroeste co Pinal do Rei, polo oeste coa *Fieiteira*, polo leste coa *Regheira* e polo sur coa *Costa*, está rodeado de muros e contén toxeias, leiras e cortiñas. Nel algunhas toxeias tiñan polo leste un rego e as leiras en plano máis alto, outras polo norte as cortiñas en plano máis baixo ou un rego ou unha gabia e o muro das toxeias da *Regheira*, outras polo sur unha gabia e as testas do monte da *Costa* ou cortiñas. Á súa vez algunhas leiras tiñan cortiñas polo leste e toxeias polo norte, oeste e sur e as cortiñas tiñan regos de auga e algunhas polo oeste un muro e toxeias, polo norte un rego ou un muro e toxeias e polo sur unha gabia e un muro, tralo cal comezan as toxeias da *Costa*; tamén había algunhas zonas mixtas de cortiña e toxeira. Dentro de *Casais* aparecen tenzas cos nomes de *Tallos de Casais*, *Tallos da Revolta de Casais*, *Revolta de Casais* (xa así en 1880 e en 1901 chamada *Revolta dos Casais*, na zona sur de *Casais*, con leiras, toxeias e cortiñas; algunha leira ó sur da presa e con muros polo leste e oeste, onde está *A Fieiteira*, e algunha toxeira cun arró e un rego polo sur, onde está *So Casais*, e o muro que a dividía da *Regheira* polo leste), *Cansela de Casais*⁷ (polo oeste, nun anco onde confina *Casais* polo oeste coa *Fieiteira* e polo norte co muro do Pinal do Rei) e *Curral de Casais*, así como *So Casais*, este ó sur da *Revolta de Casais* e da *Fieiteira* contra o muro do monte da *Costa*, con leiras polo leste e unha das toxeias cun muro polo sur que o dividía dunha cortiña e un rego polo oeste. Ó leste de *Casais* está *A Regheira*, que testa polo sur coa *Costa*, polo norte co *Currucho de Casais* (cf. nota 3) e polo leste co Monte Aberto de *Firmistáns* e con algunhas toxeias que testan con cortiñas de *Casais*.

7. Despois das leiras e cortiñas de *Framán*, ó leste das cortiñas e leiras da *Rucheira* (cf. § 14) aparecen as toxeias da *Rucheira*, dentro do Monte Aberto de *Framán*, situadas ó oeste do Pinal do Rei e da *Fieiteira* e que teñen polo sur o muro da *Ghranxiña*. *A Ghranxiña* está ó norte dos labradíos da *Pena* e ten polo norte o muro

6 Nun foro de mediados do XIX chámasele “Dehesa del Rey” (*Framán*, 89), en 1865 *Pinar Nacional* (*Arca*, 16v, 26v, 29v) e en 1901 *Dehesa Nacional* ou *Dehesa*.

7 Xa nun documento de 1805 se fala dunha herdade á entrada da *Cansela de Casais*.

que a divide das toxeias da *Rucheira* e polo leste *A Fieiteira*. Este monte da *Fieiteira* está ó suroeste do *Pinal do Rei*, leste da *Rucheira* e da *Ghranxiña* e oeste de *Casais*, tiña muros polo norte, oeste e contra a *cansela* do *Pinal do Rei* e polo sur unha presa de auga, onde estaba antigamente o pozo de enlazar liño, e o muro do *Alarghiño* (ó suroeste), así como *A Costa*. Unha parte da *Fieiteira* era coñecida como *Fieiteira de So Casais*, cun muro que a separaba de *So Casais* e cunha presa polo sur. Tamén contra a zona cultivada do agro da *Pena*, polo suroeste da *Fieiteira*, están as cortiñas e toxeias do *Alarghiño*, as toxeias cun muro e unha presa polo norte e co muro da *Costa* polo sur. Ademais, as leiras da *Pena* tiñan toxeias nas testas do norte, tras dun camiño de carro e dun muro, e nas testas do sur, estas cun muro que as separaba do monte da *Costa* polo sur. Nalgunha partilla dise que este monte testa na *Pena do Medio*. Na *Pena* tamén había unha zona de monte denominada *Cansela da Pena* ou *Cacheiros da Cansela da Pena*, cun muro polo sur e unha corredeira polo oeste. A todo isto hai que engadir que unha zona de monte onde *A Pena* se chama *Pena das Cabras*, que tiña polo norte e leste un muro e unha presa e polo sur *A Costa*. Estes diversos montes na zona de *Framán* estaban situados ó leste das casas e das leiras que van desde *Cimadevila* ata *A Pena*, leiras que citarei máis abaixo con tódalas restantes leiras de *Framán* (§§ 11-14).

8. Pola banda sur de *Framán*, rodeando e testando coas leiras e cortiñas que van desde *A Pena* (no extremo máis ó leste) ata *A Telleira de Framán* e *As Cortiñas Novas* (no extremo máis ó oeste), tamén atopamos máis terreo de monte, todo el situado ó sur e oeste dos montes citados no apartado anterior e con tendencia a perder espazo pola parte oriental e aumentalo pola occidental e meridional. En primeiro lugar témo-lo amplísimo *Monte da Costa*, situado ó sur da *Pena*, *O Alarghiño*, *A Fieiteira*, *Casais* e *A Regheira*. O *Monte da Costa* ten unha enorme extensión de oeste a leste, posto que ocupa un espazo que vai desde as leiras (oeste) ata o monte do concello de *Teo* (leste), e é máis estreito de norte a sur. Ademais, non se trata dunha zona con límites regulares, pois pola parte oriental está máis ó norte e pola occidental máis ó sur, coma unha especie de romboide. Neste monte, alén da *Costa* como conxunto, atopamos varias divisións, pois nel está *O Bico da Costa*, máis ó oeste, que polo norte limita co muro do *Aghro da Pena*, polo oeste co camiño de carro que ía á *Laghoa* e polo leste cos *Cacheiros do Bico da Costa* (en 1862 cítase unha toxeira nos *Cacheiros da Costa*, un pouco máis arriba das que baixan á *Pena*, pp. 30, 123), e tanto *O Bico* coma *Os Cacheiros* van seguidos polo sur con máis monte da propia *Costa*. Desde *O Bico da Costa* e *Os Cacheiros* vai subindo o monte cara ó leste e sueste e aparece *A Lomba do Alto da Costa* e xa no máis alto está *O Chan do Alto da Costa* ou *Chan da Costa* (en 1862 *Alto da Costa*). Ademais, dentro da *Costa* tamén se fala en documentos do *Fondo da Costa*

(con muros ó norte e ó sur), das *Leiras Longas* (que teñen polo sur o muro do *Aghro de Crespo*), dos *Tallos da Costa sobre A Gholghiña* ou *Tallos sobre Gholghiña* (en 1862 dise *Alto de la Golgiña de la Costa* e *Alto de la Golgiña* na mesma *Costa*, pp. 29, 72), da *Costa sobre O Alarghiño* (xa en 1900), da *Costa sobre A Pena* (que ten polo norte o muro da *Pena*), da *Costa sobre Casais*, xa en 1862 (ou *Costa sobre a cortiña de Casais*, que testa polo norte cunha gabia e co muro que a divide de *Casais* e polo oeste cun muro), do *Fondo da Costa sobre Casais*, da *Costa sobre a Regheira* (en 1862 cítase unha toxeira nos *Cacheiros* no *Alto* contra o muro da *Regheira*, que está ó norte, ou na *Costa* nos *Cacheiros* de xunto á *Regheira* no *Alto*, pp. 29, 123), da *Costa sobre a Laghoa* (ó oeste ten un muro que a divide da *Laghoa*) e da *Costa sobre Folgheiras* (testa polo sur no muro que a divide de *Folgheiras*), da *Costa sobre a Cansela de Folgheiras* (polo oeste cun muro), dos *Cacheiros de sobre Folgheiras* (en 1862) ou *Costa sobre Tallos de Folgheiras e Aghro dos Fieitos*, que se fai testar polo sur co muro do *Aghro de Crespo*⁸, este situado tamén ó sur da *Lomba do Alto da Costa* e das *Leiras Longas*. Ademais, na *Costa* sitúase *O Tallo sobre o Aghro dos Fieitos*, cun muro que o separa polo sur deste *Aghro*. A *Costa* pola parte máis ó leste fai unha especie de círculo e testa no *Portelo do Muíño*, que xa pertence ó concello de *Teo*. Despois pola zona sur continúa rematando co monte de *Teo* nunha liña oblicua que vai do norte cara ó suroeste. A fronteira da *Costa* e do *Chan da Costa* está polo sur nun camiño de carro que ía para *O Monte de Vila Verde*. Este camiño ondulado, partindo do leste, vai sempre en dirección suroeste baixando cada vez máis para o sur, despois nun amplo espazo fai unha curva e vira cara ó noroeste, encadrando máis monte da *Costa*, para chegar ó *Bico da Costa* e separar toda esta zona dos montes que cito a continuación.

9. Despois do *Monte da Costa* segue polo sur *A Gholghiña*⁹, situada ó sur da *Lomba da Costa* e do *Chan da Costa* e tamén, en parte, ó leste da propia *Costa*. Ó sur e, en parte, ó oeste da *Gholghiña* está *O Aghriño dos Fieitos*, que ten unha tenza chamada *Tallos do Aghriño dos Fieitos* e que polo norte tamén está separado, en parte,

8 Nun foro de mediados do XIX aparece *Costa sobre el Aghriño de los Fieitos y Folgheiras*, que testaba polo leste con *Golgiña*, polo oeste co muro do *Aghriño de los Fieitos* e de *Folgheiras* e cun camiño de carro e polo sur co muro do *Agro de Crespo* (*Framán*, 10). En 1865, en lugar de falar da *Costa*, fálase dunha toxeira na *Golgiña* chamada *Tallo* (*Arca*, 10v, 26v) ou no *Alto de la Golgiña* chamada *Tallo*, que corre ó longo das que veñen da *Pena* (10v-11r, 36r), ou no *Alto de la Golgiña* chamada *Cacheiros* (10v, 44v) e tamén se fala das que testan no *Aghriño dos Fieitos* (10v, 35v) ou polo sur no *Agro de Crespo* (10v, 26v) e inclusive se pon unha que corre ó longo das que veñen da *Lagoa* testar na *Gholghiña* (10v, 35v).

9 En 1865 cítase como *Golgiña* (*Arca*, 10v, 35v, 44v) e noutro texto do séc. XIX como *Golgiña* (*Framán*, 10). En documentos modernos aparece escrito *La Golgiña* ou *La Golgiña* e en 1901 atopamos *La Longa de la Golgiña*, *La Grande de la Golgiña* ou *La Golgiña* chamada *La Grande*. Tamén se coñece como *As Gholghiñas* e hai persoas que pronuncian *Ghorghiñas*.

do muro da *Costa*, polo leste ten un muro que o divide do *Aghro de Crespo*, polo oeste un muro e *Folgheiras* e polo sur un muro do monte de *Xinzo*. O *Aghro de Folgheiras*¹⁰, que testa polo leste coa *Costa* e co *Aghriño dos Fieitos*, polo norte coa *Costa* e algo coa *Laghoa*, polo oeste coa *Laghoa* (máis ó norte), con *Rabadán* (máis ó sur) e con terreos de *Xinzo*, ten toxeiros (algunhas teñen polo leste o muro que as separa da *Costa* e polo oeste un rego), leiras (algunhas teñen nos extremos oeste e leste algo de monte, no sur toxeiros e polo leste un rego) e cortiñas. En *Folgheiras* hai unha tenza de monte que leva o nome da *Cachopa* (nalgún documento chamada *Cacho*), na testa das leiras, que ten polo sur o muro que a separa do monte de *Xinzo*; outra tenza que está xunto á cancela, que ten ó leste un muro que a divide da *Costa* e polo oeste un muro e as cortiñas; outra co nome de *Cacheiros de Folgheiras* ou *Cacheiros de contra a Costa*, outra de monte chamada *Currucho de Folgheiras* ou *Currucho de So Folgheiras* (en 1805 cítase *So Folgheiras*) e, finalmente, outra coñecida co nome de *Pai Peres*, denominación xa antiga (*Framán*, 52, 71) e onde está a *Fonte de Pai Peres*. Ó oeste do *Aghro de Folgheiras* está *Rabadán*, monte cerrado sobre si, que testa polo norte co muro que o divide da *Laghoa* e polo oeste con *Sistelo* e que ten unha parte chamada *Currucho*, con muros polo oeste e sur e toxeiros xunto á portela de entrada. Pola zona oeste do *Bico da Costa*, da *Costa* e de *Folgheiras* aparece *A Laghoa*, con toxeiros e tamén con cortiñas polo norte, leste e oeste; algunhas toxeiros teñen polo sur un rego e un muro e unha gabia que divide *A Laghoa* de *Rabadán* e polo leste un camiño de carro e o muro que a divide da *Costa*; outras teñen unha presa, unha gabia ou un muro polo leste e un muro ou unha presa polo oeste; tamén hai partes mixtas con monte e prado e algunhas cortiñas teñen unha presa polo oeste. Na *Laghoa* hai un tenza de monte denominada *Areeiriña*, que polo leste ten un camiño de carro e polo oeste un muro e unha gabia que a divide de *Rabadán*, e que tamén testa no monte de *Sistelo*. Por outra banda, había unha zona con cortiñas chamada nunhas partillas *Posa da Laghoa* e noutras *Brañóns da Laghoa*, que testaba polo oeste cunha presa e cos *Tallos de Sistelo* e polo leste cun muro e coa *Costa*. Pola zona norte de *Sistelo* está *Ghoñas dos Angueiras*¹¹, con algunhas cortiñas (que tiñan unha presa e toxeiros polo leste e un rego e un camiño polo oeste), leiras (cun rego polo oeste e as toxeiros polo leste) e con toxeiros, que tiñan nas testas camiños de carro e que polo sur estaban divididas de *Sistelo* por un muro (testando con *Sistelo* sitúase

10 En 1901 chamada normalmente así, aínda que varias veces se escribe *La Folgueira* e nunha ocasión *Fulgueiras*.

11 A mediados do séc. XIX distinguíase entre o agro de *Goyñas de los Angueiras* (*Framán*, 7, 23, 24, 40, 50, 63, 68, 79, 90, 97, 107, 110, 113, 124, 133, 137, 143) e o *Agro* que chaman *Goyñas de Framán*, ó sueste do outro, que pertencía ó *Foro do Cabido de Framán* (*íd.*, 7). En 1865 só se di *Goiñas* (*Arca*, 2r, 5v, 14r, 17v, 24v, 28v, 34r, 36r, 37r, 46r) e tamén está así nunha partilla de 1901. En 1862 temos *Goyñas de Framán* (pp. 14, 103) e *Goyñas de los Angueiras* (pp. 34, 75, 93).

o *Currucho de Ghoíñas*), e con algunhas leiras e cortiñas, separadas das toxeias polo norte, leste e oeste por presas. *Ghoíñas* testa polo norte cun regueiro e coas *Cortiñas da Telleira* e polo oeste con estas mesmas *Cortiñas* e coas *Cortiñas Novas*. Despois ó sur e oeste de *Ghoíñas*, separado por un muro, está o *Aghro de Sistelo*¹², que modernamente ten unha serie de tenzas coñecidas cos nomes de *Cacheiros de Sistelo* (que testaban polo norte no antigo forno e na portela e *Telleira de Framán* e que deben se-los mesmos que nunha partilla de 1954 se chaman *Cacheiro da Telleira*), *Cacheiros de Sistelo sobre a Laghoa* ou *Tallos de Sistelo sobre a Laghoa* (cun camiño de carro e polo leste cun muro que os divide da propia *Laghoa*), *Tallos de Sistelo sobre Rabadán* (polo leste cun camiño de carro que leva ás aldeas de *Xinzo* e de *Beca*), *Sistelo sobre Ghoíñas* (que ten polo oeste un muro que o separa de *Ghoíñas*) e *O Campo da Devesiña* (xa en 1880, cun muro polo sur e con presas polo norte e leste). *Sistelo* testa polo leste coa *Laghoa*, pola zona máis ó sueste co monte de *Rabadán* e polo oeste co *Aghro Vaco*. Pola zona sur os montes de *Sistelo*, *Rabadán*, *O Aghro de Folgheiras* e *O Aghriño dos Fieitos* testan cun muro que os separa do monte do lugar de *Xinzo* (por exemplo, con *Ghradís*), que xa pertence á parroquia de *Bastavales*, e pola zona leste da *Costa*, *A Gholghiña* e *O Aghriño dos Fieitos* temos xa montes do concello de *Teo*, entre eles *O Aghro de Crespo*.

10. O monte que circundaba as leiras situadas ó leste e sur de *Framán* recibe varias denominacións e forma un accidente xeográfico máis elevado. Polo norte e pola banda de *Eirapedriña* é o *Monte da Ouseira* e pola zona de *Framán* ó surlleste da *Ouseira* e separado desta por un muro o monte leva o nome da *Devesa de Diante* (que nalgunhas partillas aparece como *Devesa de Adiante* e *Devesa sobre a Ouseira*) e ó oeste desta e ó sur do *Monte da Ouseira* chámase *A Devesa d'Atrás*, separada da *Ouseira* por un muro. *A Devesa de Diante* testa polo leste cun muro e un cómaro que a separan das leiras da *Aghra d'Arriba*, nunha zona que algunhas partillas modernas chaman *Arró*, polo sur cunha parte da *Aghra d'Abaixo* e polo oeste cun muro que a divide do *Chan da Devesa d'Atrás* (en 1862 chamado *Chan de la Debesa*, pp. 35, 111), nunha zona chamada *O Tallo*. *A Devesa d'Atrás*, á súa vez, testa polo sur cunha parte da *Aghra d'Abaixo*; polo oeste, por onde ás veces se chama *Devesa sobre Os Roxais*, xa na baixada, está unha zona de monte chamada *Tallos* (ou *Tallóns*) *de sobre Os Roxais* e despois as cortiñas dos *Roxais*, que pertencen a *Eirapedriña*, e polo noroeste ten as toxeias do *Aghriño Redondo*, separadas por un regato. Este *Aghriño Redondo* tiña polo leste e sur un cómaro que o cerraba, polo oeste o rego que vai a *Chave* e en parte as cortiñas da *Braña d'Abaixo*, que tamén estaban polo norte e pertencían a *Eirapedriña*. Ademais, témo-lo *Chan da Devesa d'Atrás*, que pode aparecer cos nomes do *Chan do Alto da*

12 Nunha partilla de 1947 chámase varias veces *Cistelo* e outras veces *Sestelo*.

Devesa d'Atrás ou *O Chan da Devesa*, e que polo leste testa cun muro que o divide da *Devesa de Diante*, polo oeste coas testas da *Devesa d'Atrás* e polo sur coas *Laxes da Devesa sobre O Eiteiriño* ou *Devesa sobre O Eiteiriño*, as cales testaban polo leste e sur co camiño de carro de sobre o *Eiteiriño*. Finalmente, na *Devesa d'Atrás* témo-las *Leiras Longas da Devesa*, que polo sur testan cun cómaro antigo e coas toxeias da *Aghra d'Abaixo*.

11. Se pasamos agora ás leiras, despois do *Trabanso*, que forma a parte máis oriental do *Aghro da Lavandeira*, pertencente a *Eirapedriña*, aparecen as leiras do *Estibadiño* (cf. § 5), que estaba por debaixo da presa do muíño de *Framán*¹³ e que ata hai pouco limitaban polo leste cun espazo de monte, cun camiño e coa presa, polo norte co camiño de *Eirapedriña* a *Framán*, polo sur con terreo mixto do muíño e da aldea de *Framán* e polo oeste cunha corredoira en plano máis baixo que o separaba de *Castinín*. Unha toxeira do *Estibadiño* estaba ó leste dunha horta, cunha cancela de paso, horta que testaba polo norte co muíño de *Framán* e coa toxeira, polo sur e leste cun camiño de carro que ía á *Estibada de Framán* e polo oeste co *Poso* do muíño¹⁴. Despois da *Lavandeira*, polo sur e fronte á *Cortiña d'Arriba*, tamén pertencente a *Eirapedriña*, bordeando o *Monte da Ouseira*, están xa en *Framán* as leiras de *Castinín*, que algunhas partillas modernas citan como *Castiníns* ou *Casteníns*¹⁵, onde hai unha fonte, que polo norte tiña unha presa, polo leste testa co *Trabanso*, co *Estibadiño* e co *Piñeiro* e polo sur, sempre bordeando o monte por *Framán*, continuaba coas leiras da

13 Nun rateo dos pozos de regar de 1950 dise que o *Poso da Aldea*, é dicir, o *Poso* do muíño, regaba as leiras de “Estivadiño, Casteníns, Piñeiro, Agra de Arriba, Horta Nova, Tallo de Calvo, Porta de Calvo, Porto de Arriba, Purmán da Fonte, Millarada, Agriños, Lenta dos Agriños, Lenta de Entrerregos, Eiteiriño, Agra de Abajo, Agro de Arriba, Agro de España, Agro sobre Padín, Retorta” (p. 2).

14 Era a que a mediados do séc. XIX pertencía a *Francisco Vilas*, pois nun foro dise que este tiña no *Estibadiño* un labradío e horta que testaba polo norte co muíño e a súa presa, polo sur cun camiño de carro e polo leste cun muro e con outra herdade súa de labradío e eira no mesmo *Estibadiño*, esta cun muro ó norte e cun camiño ó sur (*Framán*, 66). Nesta época *O Estibadiño* era un agro cerrado sobre si, con leiras e toxeias, onde estaba o muíño feito por un veciño de *Framán*, e que testaba polo norte cun muro e regueiro, polo oeste coa corredoira da fonte de *Castinín*, polo leste coa *Estibada Vella* e polo sur cun camiño de carro que baixaba da *Estibada a Framán* (*id.*, 4). No *Foro do Cabido* distínguese entre “Estibadiño de avajo de la presa que ba al lugar de Eyra Pedriña” (*Eirapedriña*, 15), “Estibadiño de vajo de la presa del molino de Eyra Pedriña” (*id.*, 42), “Estibadiño devajo (ou avajo/de devajo) de la presa que ba al molino de Eyra Pedriña” (*id.*, 81, 104, 114, 148, 165), etc. (cf. *id.*, 52, 108, 118, 219, 201, 205, 214) e “Estibadiño de junto al molino de Eyra Pedriña” (*id.*, 15, 43, 52, 81, 149), “Estibadiño junto al molino” (*id.*, 104) ou “Estibadiño de junto al molino” (*id.*, 114, 165, 172, 205, 215, 219). Neste foro dise que os límites eran polo norte un cómaro de terra, polo sur un muro e un camiño que o dividía do “Agro de la Costaneira”, polo leste un regueiro de auga que ía a *Framán* e polo oeste unha presa que ía a *Eirapedriña* (*id.*, 15).

15 En 1862 (pp. 11, 65, 85) e no rateo de 1918 chámase *Castenín* (*Bendaña*, 8) e a mediados do séc. XIX cítase a fonte de *Castinín* (*Framán*, 4).

Aghra d'Arriba, a cal tiña polo oeste unha parte pequena de monte e estaba separada por un muro vello e un camiño de carro da *Devesa de Diante* e testaba polo leste cun cómaro, coa corredoira e coa *Horta Nova, As Sireixeiras, O Tallo de Calvo, A Porta de Calvo* e un pouco dos *Aghriños*. Despois da *Aghra d'Arriba* seguíase torcendo cara ó suroeste co *Eiteiriño*¹⁶, con leiras polo leste e toxeiros polo noroeste, que tiña polo leste *Os Aghriños* e as dúas *Lentas*, polo oeste as testas das leiras da *Aghra d'Abaixo*, cun cómaro que sostiña as leiras, polo sur *A Retorta* e polo norte un muro que o separaba das toxeiros da *Devesa de Diante*. Seguía ó *Eiteiriño*, torcendo aínda máis cara ó oeste, *A Aghra d'Abaixo*, que testaba polo sueste coa *Retorta*, polo sur co *Bosque* e tiña leiras e algunhas toxeiros, estas polo norte, por onde un muro as separaba das *Leiras Longas da Devesa d'Atrás* (en 1867 dise que un cómaro a divide do *Agro da Devesa*). Pola banda leste de *Castinín, A Aghra d'Arriba* e sueste do *Eiteiriño* e *A Aghra d'Abaixo* había unha corredoira que remataba no extremo sur da *Aghra d'Abaixo*. Despois desta agra viña polo oeste o *Cacheiro de Pallas*, situado contra *Os Roxais* (este era de *Eirapedriña*), e tamén polo oeste, ó sur do *Cacheiro*, estaba *Pallas d'Arriba*¹⁷, con leiras, que tiña polo sur un camiño de carro ó que chamaban no séc. XIX *Corredoira das Xestas* e despois *Mesadas*, polo leste un cómaro e un camiño peonil e a *Aghra d'Abaixo* e polo oeste un rego e unha tenza chamada *A Morosa*¹⁸ e un arró que a divide de *Pallas d'Abaixo*, con algunhas cortiñas que tiñan polo leste as leiras. *Pallas d'Abaixo* testa polo oeste cun regacho, un arró e xa coas cortiñas da *Telleira do Medio* de *Eirapedriña*, polo noroeste cun rego que tamén a separaba da *Telleira do Medio*. Ademais, tiña ó sur unha tenza cunhas cantas leiras e cortiñas chamada *So Pallas* ou *So Pallas d'Abaixo*, que tiña polo sur o camiño que levaba de *Framán* a *Chave de Carballo* e despois *Ameneiro Longo*.

12. Na agra de *Framán* había outras moitas leiras, pois ó leste de *Castinín* e da *Aghra d'Arriba* estaban varias, algunhas pegadas ás casas, sempre en dirección suroeste. En primeiro lugar *O Piñeiro*, que estaba ó norte dunha casa e dunha eira e tiña

16 A mediados do séc. XIX chamábase *Ayteiriño* e eran leiras e toxeiros que testaban polo leste cun arró e un camiño de carro, polo oeste e norte cun muro e un camiño de carro e polo sur cun arró que o dividía da *Aghra d'Abaixo* (*Framán*, 3, 9, 13, 29, 36, 43, 46, 55, 65, 74, 82, 84, 85, 96, 99, 106, 108, 110, 118, 127, 140, 141, 143). Tamén se chama *Ayteiriño* en 1862 (pp. 13, 34, 75, 117, 125), *Ayteiriño* ou *Aiteiriño* en 1865 (*Arca*, 1v, 15v, 32v, 37v) e *Aiteiriño* en 1901. Xa en 1900 temos *Eiteiriño*.

17 Nun foro de c. 1860 chámasele “Agro de las Gestas/Jestas junto a Pallas” (*Eirapedriña*, 8, 26, 86, 109), “Agro de las Gestas” (*id.*, 142) ou “Agro de las Gestas o Pallas de Arriba” (*id.*, 152), aínda que, ás veces, tamén se lle chama *Pallas* (*id.*, 74, 236) e noutro lugar se di que a *Agra de Avajo* tiña polo oeste un muro que a separaba do *Agro de Pallas* (*id.*, 5). En 1867 dise que un camiño separaba *A Aghra d'Abaixo* polo sur do *Agro de Pallas* e en 1862 distínguese entre *Pallas* (pp. 14, 103) e *Pallas de Avajo* (p. 14).

18 Nun foro de c. 1860 fálase do “Tallo de la Morosa sobre Pallas” (*Eirapedriña*, 26, 109) ou do “Tallo de la Morosa”, que parece incluírse no “Agro de las Gestas” (*id.*, 142).

unha parte a labradío e outra a viñado, todo rodeado polo leste e norte polo camiño de carro que cruza a aldea e que testa ó outro lado do camiño polo norte co *Estibadiño* e polo oeste con *Castinín*. Despois estaba *A Horta Nova*, labradío e horta, que tiña polo norte unha corredoira e un hórreo, polo oeste *As Sireixeiras*, onda a corredoira, e *A Aghra d'Arriba* e polo sur un cómaro. Polo leste da *Horta Nova* e *As Sireixeiras* estaban hortas (entre elas *A Horta da Eira*) e casas. A continuación polo sur viña *O Suquiño*, que xa nunha partilla de 1945 estaba unido ó *Tallo de Calvo*. Este era un labradío que tiña polo leste *A Horta de Mighéns* e *A Cortiña da Viúda*, polo oeste a corredoira e *A Aghra d'Arriba* e polo sur un camiño peonil e *A Porta de Calvo*¹⁹, a cal polo oeste tiña *A Aghra d'Arriba* e polo leste un muro e o rego da *Millarada*. Despois viñan polo sur *Os Aghriños*, que polo oeste limitaban co *Eiteiriño* e cun camiño de carro que levaba á *Aghra d'Abaixo* e a outras partes e polo leste coa presa e un camiño peonil de onda *As Cortiñas da Aldea*. Polo sur, facendo algo de curva, aparecía primeiramente *A Lenta dos Aghriños*²⁰, que tiña polo leste un rego que a separaba de *Pormán de Fonte* (cf. § 14) e polo oeste unha corredoira, un rego e *O Eiteiriño* e despois polo sur *A Lenta de Entrerregos*²¹, con regos polo leste (onde estaba *Pormán de Fonte*) e oeste (onde estaba *A Retorta* e *O Eiteiriño*) e con cortiñas polo sur, onde estaba *O Aghro d'Arriba*. *A Retorta*²², polo noroeste testaba cun camiño de carro que a separaba do *Eiteiriño* e da *Aghra d'Abaixo*, polo leste coa *Lenta* e polo sur co *Bosque* e cun camiño de carro que a separaba dos *Tallos* de sobre a presa da *Sanguineira*. Na *Retorta* había labradíos na

19 Nun foro de mediados do XIX non aparecen nin *A Porta de Calvo* nin *O Tallo de Calvo*, pero indícase que polos *Aghriños* pasaba o camiño peonil e de carro no tempo das “seifas” para “el *Ayra de Calvo*”, que pertencía a Domingo Antonio Calvo (*Framán*, 5, 67).

20 Xa así en 1862 (pp. 13, 102) e 1865 (*Arca*, 1v, 23r). Nun foro de c. 1860 fálase do “*Agro de Arriba* devajo de los *Agrinos*, que antiguamente llamaban *Agro del Junca*”, con leiras e cortiñas, que limitaba polo norte co muro dos *Aghriños*, polo sur cun muro e presa de auga que o dividía do *Aghro d'España*, polo leste cun rego que o dividía de *Prumán de Fonte* e polo oeste por fronte do *Eiteiriño* (chámalle *Ayteiriño*) cun camiño de carro que vai ó *Aghro d'España* e á *Aghra d'Abaixo* (*Eirapedriña*, 6). A designación “*Agro de Arriba* devajo/avajo de los *Agrinos*” aparece en diferentes lugares do foro (*id.*, 4, 61, 83, 107, 115, 140, 154, 159). Tamén aparece “*Agrino de Arriba* devajo de los *Agrinos*” (*id.*, 190). Noutro foro dise que a *Lenta de los Agrinos* testaba polo leste cunha presa de auga que o dividía do *Agro de Prumán de Fonte* e polo oeste cun camiño de carro (*Framán*, 4), que había outra peza de labradío nos mesmos *Agrinos* que testaba polo leste cun camiño peonil que a dividía da *Millarada* e polo oeste cun camiño de carro que ía ó *Agro de España* e a outras partes (*id.*, 4-5) e que había outro pedaciño de terreo labradío e un camiño nos mesmos *Agrinos* que era por onde ía o camiño para *A Ayra de Calvo* (*id.*, 5).

21 En 1865 chamada *Lenta de Prumán de Fonte* (*Arca*, 1v, 23r). En 1901 distínguese entre *A Lenta*, con regos polo leste e oeste, e *A Lenta Longa*, cun rego polo leste e un camiño peonil polo oeste.

22 Nun foro de c. 1860 fálase dun labradío na *Retorta*, que antiguamente chamaban *Sanguineira* (*Eirapedriña*, 8).

tenza chamada *Tallo do Poso*, que ten polo sur un cómaro e despois un rego e o *Poso da Retorta*. O *Aghro d'Arriba*, polo sur da *Lenta de Entrerregos*, tiña leiras e cortiñas, contiña unha tenza chamada *A Presa*, a cal ten polo norte, sur e leste a presa que vai ata *Chave*, e limitaba polo sur co *Aghro d'España*, polo oeste co *Aghro d'Abaixo* e polo leste coas *Cortiñas de Sar*. Ó oeste do *Aghro d'Arriba* está O *Aghro d'Abaixo* e ó oeste deste O *Bosque*. Este ten polo norte *A Retorta*, polo noroeste *A Aghra d'Abaixo*, polo sur *Padín*, polo suroeste *A Sanguineira* e polo leste tamén O *Aghro d'España*. O *Aghro d'España* tiña polo norte un cómaro e unha presa que o dividía do *Aghro d'Arriba*, polo leste un regueiro que o dividía das *Cortiñas de Sar* e das *Cortiñas do Aghro* e polo sur un arró que o sostíña e unha presa que o separaba de *Padín d'Arriba*. Máis ó sur do *Aghro de España* estaban as leiras de *Padín d'Arriba*, con algunha leira que tiña polo oeste unha toxeira e que tiña polo leste O *Tallo da Braña* e *A Rucheira* e polo leste e o sur un rego que o divide das cortiñas de *Pormán de Mourín* (cf. § 14). Ó oeste de *Padín d'Arriba* e sur do *Bosque* viñan as leiras de *Padín d'Abaixo*, que polo leste tamén testaba co regueiro que o dividía de *Pormán de Mourín*, polo sur co mesmo *Pormán de Mourín*, cun arró e cun camiño de carro e coas cortiñas da *Telleira* e polo oeste cos *Talliños*, *A Sanguineira* e *O Aghro de Roque*. Xunto a *Padín* tamén tiñámo-las leiras do *Aghro de sobre Padín*, que polo sur tiñan un cómaro e un rego.

13. Ó noroeste de *Padín d'Abaixo* e norleste de *Mesadas* estaba O *Aghro dos Talliños*, con leiras, que testaba polo norte coa “Corredoira das Xestas”, coa *Aghra d'Abaixo* e *Pallas d'Arriba*, polo leste e polo sur cun camiño de carro que o dividía da *Sanguineira* e tamén polo sur cun arró que o dividía das toxeias do *Aghro de Roque*. *A Sanguineira*²³, con leiras e unha parte de monte, arriba e abaixo da presa, que tiña *Os Tallos da Sanguineira*²⁴ sobre a presa e testaba polo norte cos *Talliños*, polo sur co *Aghro de Roque*, polo leste co *Bosque* e *Padín d'Abaixo* e polo oeste con *Mesadas*. Ademais *Os Tallos* testaban coa *Retorta* polo norte. Á súa vez O *Aghro de Roque*²⁵, con toxeias polo norte, onde hai unha gabia e camiños de carro que atravesan algunhas toxeias (algunha destas tamén cun muro e unha gabia polo leste), e con leiras polo sur, tiña polo oeste *Mesadas*, polo leste *Padín d'Abaixo* e polo sur *A Telleira*. *Mesadas* era unha zona de toxeias e unha carballeira e está ó sur de *Pallas d'Arriba* (cf. § 11) e da “Corredoira das Xestas”, que ía para *Pallas*, *Ameneiro Longo* e outras partes; polo

23 Alí estaba O *Poso da Sanguineira*, entre O *Bosque* e *Os Tallos da Sanguineira*, que regaba as leiras de *Padín d'Arriba*, *Padín d'Abaixo*, *A Sanguineira*, *Aghro de Roque*, *Aghro dos Talliños*, *A Morosa*, *Pallas d'Arriba*, *Pallas d'Abaixo*, *Ameneiro Longo*, *Portelos* e O *Tallo do Xeixo*.

24 Nun foro de c. 1860 cítase unha leira nos “Tallos de la Sanguineira / Sanguineira” (*Eirapedriña*, 26, 152, 187, 204, 235), noutro foro a *Sanguineira* e a *Sanguineira de Arriba* (*Framán*, 6-7) e en 1862 *A Sanguineira* (pp. 34, 75, 111) e *A Sanguineira d'Abaixo* (p. 75).

25 Nun documento de 1919 chámasele *Roque* ou *Carballeira de Mesadas*.

sur testaba con outro camiño de carro en plano máis baixo que ía á *Telleira* e a dividía do agro de *Peleteiros*; polo leste cun cómaro antigo, que pola parte sur a dividía do *Aghro de Roque*, polo medio da *Sanguineira* e pola parte norte dos *Talliños* e polo oeste cun cómaro de terra e camiño de carro que o separaba dos *Portelos*, estes con *Pallas* polo norte, *Peleteiros* polo sur e *Ameneiro Longo* polo oeste. *Ameneiro Longo* tiña leiras, cortiñas e algunha toxeira, cun regato polo oeste e camiños de carro polo sur e leste e separado polo norte de *Pallas*, polo sur de *Peleteiros* e *So Balo* e polo oeste da *Telleira d'Abaixo* de *Eirapedriña*, do *Tallo do Xeixo* e do monte de *Chave*. Este *Tallo do Xeixo* estaba no extremo oeste de *Ameneiro Longo*, rodeado por el, agás polo oeste, onde estaba *A Telleira d'Abaixo*. Ó sur de *Mesadas*, *Os Portelos* e *Ameneiro Longo* estaba *Peleteiros*²⁶, cun camiño polo norte e un rego polo sur, que tiña polo leste e polo sur (na zona de *Ghoíñas*) *A Telleira de Framán*, tamén polo sur *As Cortiñas Novas* e *As Anovadas* e polo oeste *So Balo*²⁷. Estas leiras do *Aghro de So Balo* (xa en 1865 e 1880; en 1862 está *So Balo* nas pp. 14, 117 e *So O Balo* na p. 66) ou *Su Balo* (en 1947) tiñan un camiño e *Ameneiro Longo* polo norte, un rego e un arró e despois *As Anovadas* e *O Sartegho* polo sur e remataban polo oeste co monte de *Chave de Carballo*. Precisamente na zona limítrofe con *Chave*, no anco oeste entre *Ameneiro Longo* e *So Balo*, estaban os pasos do *Amenal*, unhas pedras colocadas no rego que cruzaba o camiño. Tamén *O Sartegho* testaba polo oeste con *Chave*, polo leste e sur coas *Anovadas* e tiña polo norte un camiño de carro e polo leste e oeste arrós e presas. Pegada polo norte a *Ghoíñas dos Angueiras* e ós *Cacheiros de Sistelo*, cun rego ou un muro de separación, estaba *A Telleira de Framán* (xa en 1862), tamén citada coma *As Cortiñas da Telleira* ou *A Telleira*, con cortiñas, leiras e toxeiros, que tiñan polo norte un rego e un camiño de carro que as separaban de *Padín d'Abaixo*, *Roque* e *Mesadas*, polo oeste e unha parte delas polo norte *Peleteiros*, polo oeste unha parte delas *As Cortiñas Novas* e polo leste un muro, *Padín d'Abaixo* e *Pormán de Mourín*. Na *Telleira* está unha peza de monte chamada *Forno da Telleira*, debido a que aínda nos inicios do séc. XX había alí un forno para coce-las tellas, e neste lugar (ó leste, onde confina *A Telleira* con *Pormán de Mourín* e *Padín d'Abaixo*) está hoxe o *Poso da Telleira*, onde agora collen auga os helicópteros para apaga-lo lume cando arde o monte. Máis ó oeste da *Telleira* e de *Ghoíñas dos Angueiras* e ó sur de *Peleteiros* veñen *As Cortiñas Novas*²⁸ (ou *A Cortiña Nova*), que

26 A mediados do séc. XIX chámase *Piliteiros* (*Framán*, 6; *Eirapedriña*, 7) e en 1901 *Peliteiros* ou *Piliteiros*.

27 Non sei se se refire a esta tenza *O Tallo de So Arró* que aparece en 1805. Ademais, en 1922 e 1924 aparece en documentos *A Veigha d'Arriba de So Balo*.

28 A mediados do séc. XIX, cando se fala dunha cortiña que posúe *José Arufe* en *Goyñas de los Angueiras*, dise que testa polo norte con outra cortiña que el mesmo posúe “de la *Cortiña Noba* del Cavildo de Framán” (*Framán*, 50).

polo norte teñen unha presa e leiras e polo sur outra presa, seguidas polo oeste polas leiras chamadas *As Anovadas* ou *A Anovada*, estas ó sur de *Ameneiro Longo*, *So Balo* e *O Sartegho* e ó norte do *Toxal*, con regos polo leste e oeste. Polo sur das *Cortiñas Novas* e oeste de *Ghoíñas* e *Sistelo* está a zona de monte do *Aghro Vaco*²⁹ e ó oeste deste e das *Cortiñas Novas* está o agro chamado *O Toxal*. Máis ó oeste das *Anovadas* e *O Toxal* e polo sur de *Aghro Vaco* seguen xa terras de *Chave de Carballo* e desde *As Cortiñas Novas* ata *A Pena*, sempre ó sur da *Telleira*, *Padín d'Abaixo* e *Pormán de Mourín* está o terreo citado de monte (cf. §§ 8-9).

14. Alén de todo isto, as casas actuais do *Pico* e de *Arca* en *Framán* estaban no que a mediados do séc. XIX se chamaba *Aghro do Figeiral*, que tiña polo norte, sur e oeste o muro da *Cortiña da Viúda* e da *Horta d'Arriba*, que seguramente é a zona chamada *Horta de Mighéns* en partillas modernas. Outras casas estaban na que se chamaba *Leira d'Abaixo*, que tiña polo norte unha presa, o *Aghro do Figeiral* e o muro que a dividía do agro da *Cortiña da Viúda* e que pode se-la zona que en 1900 se chama *Horta d'Abaixo*³⁰. Ata antes da concentración chegou a designación de *Cortiña da Viúda* (xa así en 1865: *Arca*, 4r, 24r, 33v, 42r; noutros doumentos de 1862 e 1865 di *Veuda*)³¹ para un labradío situado ó norte do *Tallo de Calvo*, que tiña a entrada polo norte, cómaros e tamén leiras e unha horta polo norte e polo sur, o muro das hortas e casas polo leste e un muro e unha corredoira polo oeste. Ó leste das casas de *Framán* e oeste da zona de monte da *Estibada Vella* e do *Monte Aberto* (cf. § 5) había máis leiras e cortiñas. Primeiro estaban as leiras de *Cimadevila* (*Cimadevila d'Arriba* e *Cimadevila d'Abaixo*), cunha parte de hortas e *ouveiras*, que tiñan polo leste un camiño de carro, as testas das toxeias da mesma *Cimadevila*, pegadas ás hortas e ó labradío, e despois un muro e as testas das toxeias da *Estibada Vella*, polo sur un camiño de carro, muro, rego e leiras en plano máis baixo e polo oeste en parte unha corredoira en plano máis profundo e en parte a eira dunha casa. Despois estaban *O Porto d'Arriba*, con leiras ou a campo e algunhas toxeias (estas onda as casas máis orientais), e *O Porto d'Abaixo*, tamén con algunha cortiña e algo de monte na punta das cortiñas, zona citada en

29 Nun foro do XIX non se cita porque se inclúe dentro do agro de *Ghoíñas dos Angueiras*, o cal se fai testar polo oeste co *Toxal* (*Framán*, 7). Nunha partilla de 1947 fálase de *Goíñas* ou *Agro Vaco*.

30 En 1745 fálase da zona chamada *Horta de Framán*, que non podo precisar a que hortas se refire.

31 Nun foro de mediados do séc. XIX dise que había unhas casas e leiras onde chamaban “Agro del Figeiral” (*Framán*, 1-2, 15, 36, 46, 59, 120), que polo norte, sur e oeste testaba co muro da “Guerta de Arriba” e da “Cortiña de la Veuda” (*id.*, 1-2) e polo sur tamén coa presa da aldea e a *Leira de Avajo*. Tamén en 1880 se cita unha leira no *Figeiral*. Á citada *Leira de Avajo*, con casas, leiras e hortas, tamén testaba polo norte co “Agro” da “Cortiña de la Veuda” e polo leste coa presa de auga que a dividía do “Agro del Porto” (*Framán*, 2). Tamén había leiras onde chamaban “Eyra de Avajo”, xunto a unha casa (*Framán*, 12, 67, 84).

1901 como *Agro do Porto* ou *O Porto* (en 1862 só se fala da *Cortiña do Porto*, pp. 18, 88, 105, 119 e en partillas modernas cítanse *As Cortiñas do Porto*, algunha cunha parte de monte ó leste), cunha horta, con muros que a cerran polo norte e sur, e con leiras e cortiñas que se fan testar polo oeste cun rego ou un muro e polo leste cun rego e un muro ou un muro e un camiño. Pola zona do *Porto* estaba *O Agbro do Camiñeiro* e ó oeste do *Porto* seguían *A Pereira* e *O Cacheiro da Pereira*, ó oeste da ben conservada *Fonte do Porto*, que tiñan polo leste un muro, unha corredeira e mesmo algunha toxeira na testa das leiras, polo norte *Cimadevila* e polo oeste un arró e un rego e despois as hortas (*A Horta de Mighéns* e *A Cortiña da Viúda*). Despois estaban as leiras e cortiñas da *Millarada d'Arriba* e *A Millarada d'Abaixo* (en 1865 e 1901 chamadas *Millarada da Aldea* e en 1862 *Millarada*), situadas ó sur da *Cortiña da Viúda*, suroeste da *Pereira*, leste da *Porta de Calvo* e oeste das cortiñas do *Porto*, das que as separaba un cómaro e un rego. Ó sur da *Millarada* estaban *As Cortiñas da Aldea*, separadas polo oeste dos *Aghriños* por un camiño peonil e un rego e seguidas polo sur de *Pormán* (ou *Purmán*) de *Fonte* (que tamén se escoita e se escribe *Purmán* ou *Pormán da Fonte*)³², que testaba polo oeste coa *Lenta dos Aghriños* e a de *Entrerreghos* e que tiña leiras que testaban polo leste cun camiño peonil, cun rego e xa nun plano máis alto con toxeias do *Monte Aberto* e polo oeste un rego, camiño peonil e as cortiñas (en 1862 cítase unha cortiña en *Prumán de Fonte* chamada “de sobre o Arró”, pp. 18, 105). Máis cara ó sur aparecen *As Cortiñas de Sar*, *As Cortiñas do Agbro* e *A Ruceira*³³. As primeiras estaban separadas polo leste de leiras por un rego e polo norte e oeste cunha presa e regos e as *Cortiñas do Agbro* tiñan unha presa polo sur e un cómaro que sostén as leiras polo norte. Estas

32 Nunha partilla de 1947 aparece escrito *Premán de Fonte* e en textos do XIX, entre eles en 1862 (pp. 16, 18, 67, 88, 104, 105, 119), 1865 (*Arca*, 1v, 23r) e dous foros (*Eirapedriña*, 6, 23, 24, 54, 63, 73, 74, 91, 107, 109, 113, 140, 141, 151, 154, 155, 163, 178, 188, 190, 195, 196, 234, 235, 241, 245; *Framán*, 4) chámase *Prumán de Fonte*.

33 Nun foro de c. 1860 dise *Cortiñas do Agro* que antigamente chamaban *Ruceira* (*Eirapedriña*, 6, 24, 84, 235, 240) e tamén *Cortiñas de Sar* que antigamente chamaban *Brañas de la Ruceira* (*id.*, 7). Nunha ocasión dise “*Cortiñas do Agro* que por outro nome llamaban *Ruceira*” (*id.*, 190) e tamén se di que hai unha herdade de labradío, cortiñas e toxeias en *Prumán de Fonte*, *Cortiñas do Agro* (que antigamente chamaban *Ruceira*) e *Cortiñas de Sar*, pois todo se acha xunto, aínda que tiña estes nomes distintos. Pon como límites polo norte un muro vello, polo leste un muro que os cerraba e dividía do *Monte Aberto de Framán* e polo oeste un regueiro de auga que os dividía do *Agro de Arriba debaixo dos Aghriños* (*id.*, 6-7). Con todo, cando se refire ós distintos propietarios distingue entre *Prumán de Fonte*, con leiras e toxeias (*id.*, 23, 24, 54, 63, 73, 74, 91, 107, 109, 113, 140, 141, 151, 154, 155, 163, 178, 188, 190, 195, 196, 234, 235, 241, 245), *Cortiñas do Agro* onde antigamente chamaban *Ruceira*, con cortiñas (*id.*, 24, 62, 84, 140, 155, 190-191, 209, 235, 240) e *Cortiñas de Sar* (*id.*, 24, 63, 115-116, 140-141, 159). Nun rateo dos pozos de regar de 1950 cítase, por un lado, *Pormán de Mourín* (p. 16), que, igual cás herdades da *Pena*, *Ruceira* e *O Cabo*, se regaba coa auga do *Poso da Pena*, situado na zona de monte que está na testa das leiras da *Pena*, e, por outro, *Purmán da Fonte* (p. 2).

dúas tenzas tiñan polo leste *O Monte Aberto* e polo oeste estaban *O Aghro d'Arriba* e *O Aghro de España*. *A Rucheira* tiña cortiñas e leiras, as cortiñas polo oeste e separadas das leiras por medio de regos, e polo oeste testaba co *Tallo da Braña* e *Padín d'Arriba*. Polo leste estaban as toxeias da *Rucheira* (cf. § 7), cun muro e camiño de carro que as separaba das leiras. En 1865 sitúase na *Rucheira* o labradío chamado *Tallo de Pedro* (*Arca*, 3r, 24r), que aparece tamén en 1901, con regos polo norte, leste e oeste, e que podería se-lo que despois se chamou *Tallo da Braña*. A continuación polo sur vén *O Cabo*, que en 1900 se cita como *Cabo* en *Purmán de Mourín*, con leiras, algunhas con algo de monte, que tiñan polo leste unha corredeira e un muro, e despois xa *Pormán* (ou *Purmán*) de *Mourín*³⁴, con leiras, que teñen polo oeste un rego, un cómaro e toxeias e polo leste un muro e un camiño de carro, e cortiñas, separadas das leiras polo oeste por unha presa e polo leste por un camiño peonil e un rego. Tamén se pode facer referencia ós *Cacheiros de Pormán de Mourín* (ou *O Aghro dos Cacheiros*), con cortiñas e toxeias, a unha cortiña chamada *Talliño de Pormán de Mourín* (¿será *O Tallo da Braña*?) e a outra que levaba o nome de *Travesas*, polo sur cun camiño peonil. Ademais, en 1865 sitúase unha toxeira na punta dunha leira en *Prumán de Mourín de Avajo* (*Arca*, 16r, 46v). *Pormán de Mourín* tiña polo oeste *Padín d'Arriba* e *Padín d'Abaixo* e no extremo suroeste *A Telleira*. Por outra banda, máis ó leste da *Rucheira*, *O Cabo* e *Pormán de Mourín* viñan as leiras da *Pená*³⁵ ou *Aghro da Pena*, que tiñan toxeias polo norte e polo sur. *A Pena*, coa súa parte de monte, testaba polo norte coa *Ghranxiña* e coa *Fieiteira*, polo sur co muro da *Costa* e polo leste co *Alarghiño* (cf. § 7).

15. É unha pena que de moitos dos topónimos menores referidos a leiras ou cortiñas non quede rastro e que pouco e pouco vaian desaparecendo todos. A concentración das leiras e cortiñas, o abandono do monte e a construción de novos camiños trouxo como consecuencia que se fosen esquecendo os nomes tradicionais das leiras e das cortiñas, ó se converteren en parcelas que non coincidían coa distribución anterior. Alén diso, nos últimos anos enchéronse de casas moitas destas parcelas, construíuse onde antes era monte, fíxose un campo de fútbol e cada vez quedan menos persoas que aínda conserven na memoria os nomes tradicionais daquelas terras³⁶.

34 Nunha partilla de 1947 aparece escrito catro veces *Purmán de Mourín* e en 1862 (pp. 16, 87, 118) e 1865 *Prumán de Mourín* (*Arca*, 3v, 5v, 6r, 16r, 24v, 34r, 41v, 42r, 42v, 46v). En 1901 chámase varias veces *Pumar de Mourín* e xa en 1880 e 1900 *Purmán de Mourín*.

35 A mediados do séc. XIX aparece a *Pená de Avajo*, que testaba polo oeste cun muro e cun camiño de carro, polo norte cun muro e polo sur co *Bico da Costa* (*Framán*, 5, 9-10, 37, 46, 62, 67, 96, 120, 133). En 1865 cítanse leiras na *Pená de Avajo* e na *Pená de Arriba* (*Arca*, 3v, 33v, 41v, 49r) e en 1862 en *Pená* (pp. 16, 87).

36 Como este artigo resultou máis longo do previsto, teño que deixar de referirme á etimoloxía dos topónimos. Agradézolle a meu irmán *Lucho* o esforzo que fixo para procurarme os foros que manexei

Manuscritos citados

Arca 1865 = Memorial y cuerpo de erencia de los vienes que resultaron quedar de la fincablidad de Pedro Arca y su muger Manuela Prado, vecinos que fueron en sus días del lugar de Framán, Parroquia de San Pedro de Bugalligo. 1865.

Bendaña = Prorrato de los terrenos pertenecientes al foral titulado del señor Marqués de Bendaña sitios en términos del lugar de Eirapedriña, de la parroquia de San Pedro de Bugallido... (manuscrito que leva data do 16 de xuño de 1918).

Eirapedriña = Prorrato del Foral del Cavildo Titulado del Lugar de Eyra Pedriña, de la Parroquia de Sⁿ Pedro de Bugallido... (manuscrito que contén unha actualización do foro feita arredor do ano 1860).

Partija de los vienes que resultaron de la fincablidad de Francisco Rodríguez y su muguer Vicenta Piñeiro, vecinos que fueron en sus días del lugar de Eira Pedriña en la parroquia de San Pedro de Bugallido, echa en el año de 1862.

Tamén utilicei partillas e documentos de 1745, 1805, 1865, 1867, 1880, 1900, 1901, 1919, 1922, 1924, 1945, 1947, 1948 e 1954.

Todos estes documentos son privados e consérvanos os seus propietarios.

e numerosas partillas e tamén teño que agradecer a outros veciños e amigos de *Eirapedriña* e *Framán* as valiosas informacións que me deron, especialmente a *Carme Rico*, *Vicente do Pico*, *Manolo Suárez* e *Arturo Camiño*, que me souberon precisa-lo límite de moitas tenzas.